

ADDENDA AO CONVENIO CANALIZADOR DA SUBVENCIÓN DIRECTA DE CARÁCTER EXCEPCIONAL OUTORGADA POLA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO Á ESCUELA DE MÚSICA DE ANTAS DE ULLA, CO OBXECTO DE COLABORAR NO FINANCIAMENTO DOS GASTOS DERIVADOS DA EXECUCIÓN DA ACTUACIÓN “125 ANOS RESOANDO NO CORAZÓN DE GALICIA” NA ANUALIDADE 2021, (APROBADO POR ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO DE DATA 24 DE SETEMBRO DE 2021)

APROBADA POR ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO DE DATA 23 DE DECEMBRO DE 2021.

En Lugo, a de de 2021

INTERVEÑEN

Dunha parte, don José Tomé Roca, Presidente da Deputación Provincial de Lugo, con CIF P2700000I e sede social en Lugo, rúa San Marcos 8, actuando en nome e representación da citada entidade, segundo dispón o artigo 34 b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

E doutra parte, dona Alba Val Noguero con DNI XXX5250XX, na súa condición de representante legal, actúa en nome e representación da entidade ESCUELA DE MÚSICA DE ANTAS DE ULLA, en adiante beneficiario, con NIF G27029891 e con sede social en Rúa Miguel Ángel Blanco, s/n (Casa da Cultura) - 27570 - Antas de Ulla (Lugo), con acreditación suficiente para a celebración deste acto, segundo consta no expediente tramitado a tal efecto.

Actúa dona María Esther Álvarez Martínez, Secretaria Xeral da Deputación Provincial de Lugo, no exercicio das funcións que lle son propias de acordo coa normativa de aplicación.

Ambas partes:

MANIFESTAN

PRIMEIRO.- A Xunta de Goberno desta Excm. Deputación, en sesión ordinaria celebrada o día 24 de setembro de 2021, adoptou, entre outros, o acordo de prestar aprobación á seguinte proposta:

1. *Aprobar a excepcionalidade e outorgar a subvención directa de carácter excepcional, por importe de 18.000,00€, a favor da entidade ESCUELA DE MÚSICA DE ANTAS DE ULLA, para sufragar os gastos derivados da execución da actuación “125 anos resoando no corazón de Galicia”, subvención incluída na Liña 1.1 - Xeración de riqueza, pertencente á Área de Presidencia do vixente Plan Estratéxico de Subvencións 2020-2022, e prevista no apartado c) de Actuacións específicas previsibles neste exercicio económico 2021 para esta liña (Anexo I).*
2. *Aprobar o gasto de 18.000,00€ con cargo á aplicación orzamentaria 9250.48900 do orzamento da Deputación Provincial de Lugo para o ano 2021, a favor da entidade ESCUELA DE MÚSICA DE ANTAS DE ULLA, para sufragar os gastos derivados da execución da actuación “125 anos resoando no corazón de Galicia”.*
3. *Aprobar o convenio a través do que se canaliza a citada subvención, e que se incorpora ao expediente.*

SEGUNDO.- O convenio canalizador da subvención directa de carácter excepcional outorgada pola Deputación Provincial de Lugo á entidade Escola de Música de Antas de Ulla, co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación “125 anos resoando no corazón de Galicia”, na anualidade 2021, formalizouse o 8 de outubro de 2021.

TERCEIRO.- O representante da Escola de Música de Antas de Ulla remitiu, o 19 de decembro de 2021 (2021RT018744) escrito no que literalmente se establece o seguinte: “*SOLICITO a ampliación do prazo de execución do convenio “125 anos resoando no corazón de Galicia” na anualidade 2021 ata o 31 de Xaneiro do 2022, por motivo da situación sociosanitaria do*

Páxina 1 de 2

	IV7CUXRZJBEI5TGY4TW4I47WCQ	Fecha y Hora	22/12/2021 10:31:12	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	LORETO RODRÍGUEZ COSTAS (RESPONSABLE SERVICIO, XEFE, COORDINADOR/A)			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7CUXRZJBEI5TGY4TW4I47WCQ	Página	1/2	

noso concello e da Comarca da Ulloa"

Por todo o manifestado, ambas partes recoñécense capacidade e representación suficiente para formalizar, en nome das entidades que neste acto se representan, esta addenda ao convenio con arranxo ás seguintes:

CLÁUSULAS:

PRIMEIRA.- As partes acordan modificar o apartado de "gastos subvencionables" da cláusula sétima do convenio canalizador da subvención directa de carácter excepcional outorgada pola Deputación Provincial de Lugo á entidade Escola de Música de Antas de Ulla, co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación "125 anos resoando no corazón de Galicia", na anualidade 2021, formalizado o 8 de outubro de 2021, que quedaría redactado no seguinte senso:

"Gastos subvencionables.

Consideraranse gastos subvencionables, aqueles que de maneira indubidada, respondan á natureza da actividade subvencionada, resulten estritamente necesarios e se realicen dentro do ano 2021 e ata o 31 de xaneiro de 2022.

Considéranse gastos subvencionables os aboados dentro das anualidades correspondentes, e ata á finalización do período de xustificación previsto no convenio, ou nas súas addendas, no seu caso.

O custo de adquisición dos gastos subvencionables en ningún caso poderá ser superior ao valor de mercado.

Os gastos financeiros, os gastos de asesoría xurídica ou financeira, os gastos notariais e rexistrals, os gastos periciais para a realización do proxecto subvencionado e os de administración específicos, son subvencionables si están directamente relacionados coa actividade subvencionada e son indispensables para a adecuada preparación ou execución da mesma".

SEGUNDA.- As cláusulas restantes do convenio de referencia, en tanto non queden afectadas por esta Addenda, permanecerán invariables. Ambas partes, acordan incorporar ao convenio suscrito con data 8 de outubro de 2021, esta addenda, a cal se rexerá polas condicións estipuladas no convenio do que trae causa, formando parte integrante do mesmo.

E en proba de conformidade cos termos expostos, as partes comparecentes asinan a presente, que consta de 2 páxinas numeradas, da que como Secretaria dou fe.

"O PRESIDENTE,

Asdo.: José Tomé Roca"

A representante legal da ESCUELA DE MÚSICA DE
ANTAS DE ULLA

Asdo.: Alba Val Noguerol

A SECRETARIA XERAL

Asdo.: María Esther Álvarez Martínez

	IV7CUXRZJBEI5TGY4TW4I47WCQ	Fecha y Hora	22/12/2021 10:31:12	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	LORETO RODRÍGUEZ COSTAS (RESPONSABLE SERVICIO, XEFE, COORDINADOR/A)			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7CUXRZJBEI5TGY4TW4I47WCQ	Página	2/2	